

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 7 DE ABRIL SOBRE OBRIGAS REFERIDAS Á DOCENCIA NON PRESENCIAL

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ordena a suspensión da actividade académica educativa presencial en todos os niveis académicos, incluída a ensinanza universitaria, e establece que durante o período de suspensión se manterán as actividades educativas a través das modalidades a distancia e “on line”, sempre que sexa posible.

A Resolución Reitoral do 13 de marzo, pola que se adoptan medidas para a execución do acordo de suspensión de actividades, establece a suspensión das *"actividades docentes presenciais, tanto de títulos oficiais como de títulos propios"*. Isto non implica, porén, a paralización total da actividade docente, senón que, conforme indica a Resolución, as actividades suspendidas *"sempre que sexa posible, serán substituídas por actividades non presenciais atendendo ás particularidades de cada titulación"*. A Resolución precisa, ademais, que as medidas acordadas son aplicables *"tanto aos estudos oficiais (grao, máster e doutoramento) coma aos títulos propios. Tamén a calquera outro tipo de actividade docente presencial realizada na USC (Cursos de Formación, Cuarto Ciclo, Escolas Deportivas, Cursos de Idiomas, Cursos de Extensión Universitaria...etc.)"*.

A Resolución Reitoral do 23 de marzo regulou o procedemento para a modificación das guías docentes de cara á súa adaptación á nova realidade derivada da suspensión da docencia presencial.

Vista a evolución da pandemia, ante a prolongación das medidas de confinamento, de momento ata finais de abril, na reunión entre os Reitores e a Consellería celebrada o día de onte, 6 de abril, valorouse a conveniencia de prolongar a docencia non presencial durante todo o período lectivo que resta deste cuadrimestre.

Tendo en conta tamén o acordado nesa reunión sobre a necesidade de garantir unha formación de calidade, e á vista da Instrución da Secretaría Xeral de Universidades do 7 de abril, de aseguramento da calidade da docencia non presencial, por concorrer circunstancias de urxencia e necesidade extraordinarias, e con base nas competencias atribuídas polo art. 85 dos Estatutos, esta Reitoría

RESOLVE

**Primeiro.** A docencia presencial, que se suspendera con efectos de 15 de marzo de 2020, non se retomará polo que resta de período lectivo deste segundo cuatrimestre do curso 2019-2020. Xa que logo, as actividades docentes durante todo este período impartiranse de xeito non presencial.

**Segundo.** Co fin de asegurar a calidade da docencia non presencial impartida, o profesorado responsable de cada unha das materias das titulacións de grao e máster deberá acreditar o cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Ter operativa unha aula virtual a disposición do seu alumnado.
- b) Manter abertas canles de comunicación directa co alumnado (titorías, sesións virtuais etc.)
- c) Adaptar a programación docente prevista para o presente cuatrimestre ás metodoloxías non presenciais, a través da modificación das guías docentes.
- d) Respetar as datas contempladas no calendario académico aprobado para este curso 2019-2020.
- e) Adecuar a actividade aos contidos previstos de cada materia, coas adaptacións que resulten imprescindibles e se xustifiquen adecuadamente.
- f) Subministrar ao alumnado materiais, ferramentas e orientacións para a preparación dos contidos e a adquisición das competencias.
- g) Ofrecer unha temporalización das actividades a realizar que sexa respectuosa co calendario académico e coas cargas de traballo do alumnado.
- h) Definir probas de avaliación, que deberán ser flexibles e adaptarse ás circunstancias excepcionais nas que se desenvolveu a docencia a partir do 15 de marzo , e comunicar ao alumnado con antelación suficiente calquera cambio nos tipo de probas, baremos ou criterios.

**Terceiro.** 1.- O cumprimento das obrigas a) a g) deberá acreditarse para cada materia nos informes que se deben elaborar dende as coordinacións das titulacións. Estes informes deberán ser coñecidos polos Directores de Departamento e polos Decanos ou Directores de Centro e remitidos por estes á Vicerreitoría de Organización Académica ata o 17 de abril.

2.- O cumprimento das obrigas previstas na letra h) e referidas á avaliación deberán acreditarse antes do 30 de abril, seguindo a canle prevista para a modificación das correspondentes guías docentes.

**Cuarto.** 1.- Correspóndelles aos Directores de Departamento (art. 108 c. dos Estatutos) e aos Decanos/as ou Directores/as de Centro (art. 100 h. dos Estatutos) adoptar as medidas que, dentro do seu ámbito de competencias,

corresponda para solucionar os posibles incumprimentos.

2.- Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a Vicerreitoría de Organización Académica adoptará todas as medidas que sexan precisas para asegurar o cumprimento das obrigas previstas no número segundo.

**Quinto.** As modificacións que se efectuaran ou se efectúen nas guías docentes, unha vez aprobadas polo órganos competentes, serán remitidas pola Vicerreitoría á Secretaría Xeral de Universidades para o seu coñecemento.

**Sexto.** A Vicerreitoría de Organización Académica adoptará as medidas que resulten necesarias para o desenvolvemento desta resolución.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2020.

O REITOR

Antonio López Díaz  
Asinado dixitalmente

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
07/04/2020 23:13:37.

**CSV:** 559B-70F4-44C6-8174